



A asociación de artesáns Artimaña, en colaboración co Grupo Fonmiñá, co fin de promover e estimular a arte fotográfica da cidade de Lugo e a arte mostrada na feira de artesáns Artenadal convoca:

II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ARTENADAL 2010/11

BASES

TEMÁTICA DO CONCURSO

Fotografías que reflexen pezas e obras de artesanía mostradas en Artenadal 2010/11 (feira de artesáns situada na carpa da Praza da Soidade de Lugo).

PARTICIPANTES, PRAZO DE ENTREGA E PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Poderán participar todas as persoas que queiran, cun **máximo de dúas fotos por autor**.

As fotografías faranse ó longo da feira, con horario de 11h-14,30h e de 17h-21h e con data límite de entrega o día **31 de decembro, no stand da asociación situado dentro da carpa**.

Deberán ser presentadas en **papel fotográfico**, cun tamaño de **18x24**, e irán acompañadas, nunha folla á parte, do nome e apelidos, domicilio, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico do autor, todo dentro dun sobre.

PREMIOS

Todos os participantes recibirán un detalle de artesanía mostrado en Artenadal.

Primeiro Premio: Peza de artesanía mostrada en Artenadal, a escoller polo gañador, e publicación como cartel de Artenadal para o ano próximo 2011/12.

XURADO, SELECCIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

O xurado estará composto polos **artesáns** que participan na feira de artesanía Artenadal 2010/11, a asociación de artesáns **Artimaña**, e representantes do **Grupo Fonmiñá** que está integrado por persoas relacionadas co mundo fotográfico, entre outros, da cidade de Lugo.

Considerarase o **valor artístico e orixinalidade da obra**, dentro da temática do concurso.

O gañador será chamado por teléfono o día 2 de xaneiro, e a **entrega de premio e obsequios será o día 3 de xaneiro na carpa Artenadal, a partir das 17 h.**

USO DAS OBRAS PRESENTADAS

As fotografías estarán expostas na carpa de artesanía Artenadal, e serán devoltas ós seus autores, unha vez remate Artenadal. Aqueles autores que o consideren poderán donar as fotos á Asociación de Artesáns Artimaña, para a súa difusión e promoción da artesanía.

BASES ESPECÍFICAS

A participación no concurso implica a aceptación das bases do concurso.

Calquera caso non previsto será resolto pola Asociación de Artesáns Artimaña.